

dezanove

FESTIVAL

INTERNACIONAL

DE TEATRO

UNIVERSITARIO

LUGAR Salón Teatro

ENTRADA GRATUÍTA previo paso polo despacho de entradas

APERTURA DO DESPACHO DE ENTRADAS: desde as 19,00 horas

**4 a 9 de
marzo
de 2013**



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES,
CULTURA E FORMACIÓN CONTINUA
Aula de Teatro



Días 4 e 5 de marzo

Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela. Compañía de Teatro

AGAMENÓN. VOLVÍN DO SUPER- MERCADO E DEILLE UNHA MA- LLEIRA A MEU FILLO

De Rodrigo García

Duración: 54 minutos

Lingua: galego

REPARTO

(por orde de intervención)

PAI: Miguel Gendre

NAI: Beatriz Pérez

FILLA: Alba López

FILLO: Miguel Torres

FICHA ARTÍSTICA

**Deseños de espazo escénico,
figurinos e iluminación:**

Roberto Salgueiro

Arranxos vestiario:

Clotilde Vaello

Asistencia técnica:

Raúl Giraldo (RTA)

Programa e cartel:

Gerardo Fuentes

Asistencia de dirección:

Clara Martín

Adaptación literaria e dirección:

Roberto Salgueiro

SOBRE O ESPECTÁCULO

A proposta que realizamos céntrase en dous conceptos básicos que constrúen o texto de Rodrigo García: a violencia e o humor. Esta mestura constitúe un armazón grotesco que contén unha lectura aceda, tremendamente crítica, sobre o individuo sometido, ao seu pesar, por un sistema que o oprime e sobre o que non ten capacidade de reacción.

A obra completa de Rodrigo García (Bos Aires, 1964) está publicada en La Uña Rota (ed.), co título Cenizas escogidas: Obras 1986-2009.

AGRADECEMENTOS

Roi Méndez, Mari Carmen Seoane, Eloy Blanco, María Dolores Martínez

A duración da obra é de 55 minutos. Considerámola non apta para menores de 12 anos.

Día 6 de marzo

Compañía de Teatro "Nie Ma" Universidade de Szczecin. Polonia

MAGIC NIGHT

Duración: 45 minutos

Lingua: polaco



REPARTO

Señor colega:

Adam Szarżanowicz

Querido señor colega:

Wojciech Sandach

Ela: Paula Niemczynowicz

SOBRE O ESPECTÁCULO

Oh, que noite! Semella o soño casual de dous homes solitarios. Enxeñeiro e economista de viaxe que comparten sempre a mesma habitación. De viaxe a xente está soa e aburrida e, en ocasións, acontecen cousas estrañas. Pero sempre convén ter presente que os soños poden ser perigosos. Porque, "estás seguro de que estás soñando?"

Día 7 de marzo

Licenciatura em Teatro Universidade do Minho. Portugal

OS FIGURANTES

Exercicio performativo sobre o texto de Jacinto Lucas Pires

Duración: 25 minutos

Lingua: portugués



REPARTO

Catarina Marvão, Cristiana Lima, Diogo Rosas, Júlio Cerdeira, Giulia Santos, Henrique Margarido, Maria de Carvalho, Mário Pereira, Marta Ferreira, Rute Fernandes, Rita Gomes, Rita Silva, Rita Trigo, Tatiana Rocha

FICHA ARTÍSTICA

Iluminación: Maíra Ribeiro

Son: Vânia Silva

Dirección: Marcos Barbosa e Victor Hugo Pontes

SOBRE O ESPECTÁCULO

Este traballo ten como punto de partida o texto *Figurantes*, de Jacinto Lucas Pires. Catorce actores nun palco de teatro buscan incesantemente os termos axeitados para comunicaren, co obxectivo de fabricaren unha escena dramática envolvendo un casal de figurantes que eles mesmos idealizan. A acción da peza decorre na narrativa en si, e na cabeza dos espectadores. Un espectáculo que fala sobre o teatro, revelando os mecanismos da escrita dramática.

Día 8 de marzo

NNC

PIM, PAM, CLOWN

De Tomás Afán

Duración: 60 minutos

Lingua: galego

REPARTO

Carla Capeáns
Roi Méndez
Beatriz Méndez
Paula Díaz

FICHA ARTÍSTICA

Espazo sonoro:

Roi Méndez e Pablo Ferradás

Iluminación:

Beatriz Méndez e Roi Méndez

Deseño de vestiario:

Beatriz Méndez

Deseño de cartel e programa

de man: Roi Méndez

Escenografía e atrezzo:

NNC Teatro

Dirección:

Beatriz Méndez e Roi Méndez

Axudantía de dirección:

Carla Capeáns

SOBRE O ESPECTÁCULO

Pim, pam clown, é un texto para público familiar, que desenvolve as principais características do clown: a inxenuidade, a fanfurrñada, a curiosidade, o asombro...A partir destes caracteres, o texto trenza un argumento en torno á guerra, que, sempre aderezado con humor e con certo surrealismo, fai fincapé nas tremendas doses de absurdo que sempre están detrás de calquera enfrontamento armado. E deste modo presenta personaxes tan paradoxais como as do clown que ama tanto as bandeiras que sería capaz de morrer pola súa bandeira e ata pola bandeira dos inimigos, ou o xeneral clown que intenta convencer a dous paisasiños pacifistas de que a guerra é un xogo moi “diver” e apenas perigoso, aínda que haxa xente despistada que choque coas balas, ou xente parviña que se mete nos sitios onde van caer as bombas. En fin, un catálogo de trangalladas bélicas, que a través do humor pretende invocar á tolerancia e á solución pacífica dos conflitos, como bálsamo necesario nestes inquetantes tempos armados.

Día 9 de marzo

Aula de Teatro da Universidade de Murcia

LUZ EN TINIEBLAS

De Laila Ripoll

Duración: 70 minutos

Lingua: catalán

REPARTO

Francisco de Goya: Manolo Ortín

Colombina: Belén Tortosa

Polichinela: Martín Sánchez

Arlequín: David Terol

El Duque: Jesús Arribas "Risi"

El enano beodo:

Ana Belén Gabaldón

La Sombra: Andrea Izquierdo

El músico: Pedro Manuel Martínez

SOBRE O ESPECTÁCULO

O heroe da nosa historia é un arago-nés xordo, vello e xenial. É un heroe es-traño, malhumorado e retranqueiro, que se entretén sacando a pasear os seus demos e pintando pesadelos nas paredes da súa casa. Na historia da arte hai un antes e un despois deses demos, un antes e un despois do xordo. E pode que na historia de Es-paña tamén. Os personaxes desta his-toria forman parte deses pesadelos, desas pantasma... Unha revolución e un rei decapitado dan inicio ao noso conto, un exilio e unha tiranía pé-chano. No medio a invasión francesa, o dous de maio, a Inquisición e o sai-nete, Arlequino, Polichinela, Colom-bina, un anano bébedo, a duquesa de Alba e, por riba de todo, a vida, a obra, as luces e tebras de don Francisco de Goya.

FICHA ARTÍSTICA

Deseño de escenografía:

Paco Azorín

Deseño de iluminación:

Pedro Yagüe

Deseño de espazo sonoro:

Javier Almela

Música orixinal: Carlos Rafael Pérez

Figurinos: César Oliva

Asesor de interpretación:

César Oliva Bernal

Asesor de comedia da arte:

David García

Asistencia de dirección, produción executiva e técnico de son:

Ángela Navarro

Axudante de dirección:

Manuel OrtínBernal

Dirección escénica:

Nieves Pérez Abad



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES,
CULTURA E FORMACIÓN CONTINUA
Aula de Teatro

